


QUE DIN OS PROGRAMAS PARTIDARIOS PARA AS ELECCIÓNS GALEGAS DO 12 DE XULLO SOBRE AS DEMANDAS DA PLATAFORMA “GALIZA, UN FUTURO SEN CARBÓN”?

Candidatura	Apoia a solicitude de peche de Endesa para a central de carbón das Pontes (no segundo semestre de 2021) e rexeita a co-combustión de carbón e residuos orgánicos como alternativa para a continuidade desta central?	Asume un obxectivo de redución das emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) dun 65% en 2030 con respecto a 1990? Para contribuír a logralo defende un sector eléctrico 100% renovábel en 2030, a máis tardar?
	<p>NON. Só afirma que manterá “unha posición firme de defensa dos intereses de Galiza diante da situación xerada polo peche das centrais térmicas galegas, participando das correspondentes mesas de traballo e demandando do Estado e da Unión europea a adopción de medidas xustas para o noso país”.</p>	<p>NON. Só se compromete “a establecer o obxectivo de redución no noso país das emisións de gases de efecto invernadoiro” e a que “a produción limpa e sustentábel será una prioridade da política enerxética”.</p>



NON. Como fan tamén a maioría dos outros partidos, non se refire á produción eléctrica con carbón nin ao futuro da central de carbón das Pontes, malia ser a industria galega que emite máis GEI.

NON. Só se compromete a impulsar unha Lei de Cambio Climático que establecerá uns obxectivos de redución de emisións de GEI “en coherencia con las previsiones del Plan Nacional Integrado de Energía y Clima (PNIEC)”, que propón unha redución do 23% a nivel estatal. Ao noso xuízo, é pouco ambicioso (ver as nosas alegacións en <https://unfuturosencarbon.org/alegacions-ao-plan-de-enerxia-e-clima/>).






SI. Avoga porque a central de carbón das Pontes (e a de ciclo combinado) estea pechada para 2022.



SI. Afirmar que a súa política enerxética “procurará un sector eléctrico 100% renovable en 2030”, aínda que, na verdade, este obxectivo adiantaríase a 2022, se se ten en conta a súa proposta de ter pechadas nese ano as centrais de ciclo combinado a gas natural das Pontes e de Sabón (ademais da central de carbón das Pontes).



NON. Evita referirse á produción eléctrica con carbón e á central de carbón das Pontes.

NON. Só se compromete a aprobar unha Lei de Mitigación e Adaptación ao Cambio Climático que definirá a súa estratexia contra a emerxencia climática. Tamén fai “unha aposta seria e firme polas renovables”.

	<p>SI. Defende que a central de carbón das Pontes “esteá xa pechada en 2022 (descartando totalmente a opción da co-combustión de carbón e residuos orgánicos)”.</p>	<p>SI, aínda que reduce o obxectivo de descarbonización do sector eléctrico no horizonte 2030 a un mínimo do 90%.</p>
	<p>NON. Carece de referencias á xeración eléctrica con carbón e á central das Pontes.</p>	<p>NON. Só “apuesta por avanzar hacia un modelo más eficiente y sostenible, con una política energética que fomente las energías renovables”.</p>
	<p>NON. Obvia calquera referencia ás centrais de carbón, aínda que si propón unha “Oficina Industrial” nas Pontes e en Cerceda</p>	<p>NON. Só se compromete co desenvolvemento da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050, aprobada o ano pasado, e da que criticamos a súa falta de ambición (ver https://unfuturosencarbon.org/a-estratexia-de-cambio-climatico-da-xunta-atrasaria-a-transicion-enerxetica-e-ralentizaria-a-diminucion-das-emisions/).</p>

	<p>NON. Só propón un “Plan Integral de Re-industrialización para as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal e A Mariña”.</p>	<p>NON. Só considera que “a procura da neutralidade en emisións” é unha das “liñas troncais de desenvolvemento”.</p>
	<p>NON</p>	<p>NON. Entre as súas “10 medidas para Galicia” non hai ningunha referencia á emerxencia climática ou á transición enerxética.</p>



Xullo de 2020